



Concello de Xove

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA “PLAN REACTIVA XOVE”

- Que estiven desenvolvendo unha actividade económica e de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou Mutualidade correspondente ou no Réxime Xeral da Seguridade Social así como no IAE no momento de decretarse o estado de alarma, segundo o RD 463/2020, de 14 de marzo, así como que mantereí dita situación ata polo menos 6 meses despois da resolución de concesión destas axudas, mantendo, no caso de ter ao meu cargo persoas traballadoras como mínimo un 50% da plantilla declarada no informe de vida laboral a data 14 de marzo de 2020 coa mesma porcentaxe de xornada que a que serviu de base para facer o cálculo da axuda.
- Que a actividade que desenvolvo foi afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo ou, de non cumprirse este requisito, vin reducida a miña facturación no trimestre natural de abril-xuño de 2020 en polo menos un 40% respecto do promedio facturado no semestre natural outubro 2019-marzo 2020. (Cando o solicitante non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade)
No caso de establecementos que leven a cabo actividades correspondentes a varios epígrafes de IAE e que algún deles foi pechado en virtude do RD 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo, pero que mantivo a actividade noutro/s, entenderase como establecemento afectado por un peche parcial polo que só poderá ser beneficiario da Axuda Tipo II.
- Que o local do desenvolvemento da actividade se atopa no termo municipal de Xove.
- Que, tendo domicilio fiscal no termo municipal de Xove, non dispoño de local en ningún lugar distinto do Concello de Xove.
- Que a actividade afectada polo peche do establecemento decretado polo estado de alarma non se tivo visto compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.
- Que non me atopo incurso ou incursoa en ningunha das circunstancias recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da L 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e, en particular estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e co Concello de Xove así como coa Seguridade Social.
- Que teño xustificada calquera subvención que me tivese sido concedida con anterioridade polo Concello de Xove, sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.
- Que non me atopo incurso ou incursoa nas exclusións establecidas nas bases:
 - a) O 14 de marzo, no caso de persoas físicas fosen perceptoras da prestación por desemprego ou da correspondente á protección por peche de actividade, regulada nos artigos 327 e seguintes do RDL 8/2015, de 30 de outubro ou, no caso de persoas xurídicas, tivesen cesado na actividade.
 - b) Que, sendo persoa física, se atope en situación de incapacidade laboral (baixa laboral) a data de 14 de marzo, ou ben, as persoas xurídicas,



Concello de Xove

soamente con respecto daquelas persoas traballadoras que a data 14 de marzo se atoparen en situación de incapacidade laboral (baixa laboral).

- Que reúno os requisitos para ser microempresa conforme co disposto no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014
- Que a persoa solicitante se compromete áo cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro
- Que a persoa solicitante se compromete a declarar as axudas de mínimos que lle foron concedidas por calquera proxecto durante os tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, da de concesión e réxime de axudas no que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha, así como compromiso de comunica o máis rápido posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.
- Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis rápido posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.
- Que, en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de dita lei.

ASINADO DIXITALMENTE

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación dunha solicitude de axuda supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente